

CONVENIO DE PATROCINIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E A ENTIDADE REAL CLUB CELTA DE VIGO SAD, PARA O 2019

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte a FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, con C.I.F G15769383, representada neste acto pola persoa do Presidente do seu Padroado, en calidade de Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Don José Ramón Lete Lasa, en virtude das facultades que ten conferidas. En diante Fundación.

Doutra parte a Entidade, Real Club Celta de Vigo SAD con C.I.F. A36609105, representada por Don Manuel Carlos Mouriño Atanes, con D.N.I 35921669Q, en virtude das facultades que lle son conferidas polos poderes presentados perante a Fundación. En diante, a Entidade.

EXPOÑEN

- I. Que a Fundación, entidade fundacional do sector público de Galicia, ten por finalidade a promoción do deporte na Comunidade Autónoma galega, en cuxa consecución está capacitada para a realización de distintas actuacións, en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.
- II. Que o 22 de marzo de 2019 asinouse o acordo de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Secretaría Xeral para o Deporte, para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero. En dito acordo a Secretaría Xeral para o Deporte e a Secretaría Xeral de Igualdade acordaron o desenvolvemento de campañas específicas contra a violencia de xénero en espazos deportivos, que deben ser desenvoltas pola Fundación Deporte Galego.
- III. Que en desenvolvemento do acordo indicado no punto anterior a Fundación Deporte Galego, ten aprobado o *Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Profesional de Galicia 2019*, tendo por destinatarias aquelas



entidades que na tempada 2018/2019 contén con equipos deportivos que participen en competicións profesionais ás que fai referencia o Real Decreto 1251/1999, de 16 de xullo, sobre sociedades anónimas deportivas, na súa disposición adicional sexta “Competicións profesionais”. En diante, o Plan.

- IV. Que os obxectivos do Plan son os de prevención e sensibilización fronte a violencia de xénero, configurándose a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza como patrocinador oficial do plan xunto á Fundación Deporte Galego.
- V. Que a Entidade conta cun equipo participante nunha das competicións incluídas no ámbito obxectivo do Plan. En diante o Equipo.
- VI. Que a Entidade presentou solicitude para acollerse ao Plan.
- VII. Que logo da correspondente tramitación do expediente, a Entidade cumpre os requisitos para a formalización coa Fundación, dun convenio de patrocinio con motivo do Plan.
- VIII. Que conforme a todo o referenciado, as Partes, recoñecendo plena capacidade, conveñen en subscribir o presente convenio de patrocinio.

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

É obxecto do presente convenio regular a actividade de patrocinio a realizar pola Fundación Deporte Galego e a Secretaría Xeral da Igualdade respecto do Equipo, como consecuencia do Plan de *Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Profesional de Galicia 2019* co obxecto principal de promover a prevención e sensibilización fronte a violencia de xénero en espazos deportivos de acordo co Plan.

Este patrocinio será desenvolvido conforme á solicitude presentada pola Entidade, así como de conformidade co establecido no *Plan de Patrocinio dos equipos de Alta Competición profesional de Galicia 2019*. Ambos documentos obrigan as partes e se incorporan como anexos do presente convenio, formando parte do mesmo



Segunda.- Obrigas das partes

A Entidade vén obrigada a desenvolver as actuacións e obrigas recollidas na solicitude presentada á Fundación, así como as establecidas no *Plan de Patrocinio dos equipos de Alta Competición Profesional de Galicia 2019* aprobado a estes efectos, sendo todos estes documentos obrigatorios para as partes.

A Entidade velará pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumprirá o establecido na Lei 19/2007, do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

A Fundación, pola súa parte, comprométese a abonar ao equipo á cantidade indicada na cláusula seguinte pola actividade de patrocinio.

Terceira.- Pagamento e partida orzamentaria

O importe do presente convenio ascende a 60.000 €, máis o 21% de I.V.E. (12.600 €). Total: 72.600 €, I.V.E. incluído.

Este importe será abonado en dous prazos:

- a) O 80% do importe unha vez asinado o convenio, recibida a correspondente declaración responsable e xustificación gráfica de ter adquiridos e listos para a súa utilización os soportes, videopantais, U televisiva e os vídeos para as accións publicitarias previstas no apartado 4.1. do plan (**Anexo II**) e presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/, a correspondente factura emitida pola Entidade de conformidade coa Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Primeiro pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e o Real Club Celta de Vigo SAD ao abeiro do Plan de Patrocinio aos equipos de alta competición deportiva profesional de Galicia para o ano 2019 (80%)”.
- b) O 20% restante aboarase a partir do 31.12.2019, unha vez rematadas todas as actividades e competicións do exercicio 2019 e unha vez presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/, a correspondente factura emitida pola Entidade con data 31.12.2019, acompañada da correspondente declaración responsable e xustificación gráfica do cumprimento das obrigas (**Anexo III**). Asemade, deberá acompañar declaración responsable das axudas solicitadas ás distintas administracións públicas competentes ou a entidades



privadas, con indicación das concedidas ou pendentes de resolución, e de que os ingresos obtidos con motivo da actividade patrocinada (transmitir contidos relacionados coa loita pola tolerancia, igualdade e non violencia de xénero no deporte e na vida) non xeraron superávit ou, en caso contrario, informado de cal é ese excedente ao fin de proceder á redución do importe final a pagar na contía que exceda o equilibrio entre ingresos e gastos da actividade patrocinada (**Anexo IV**). Finalmente, será necesario tamén a correspondente conformidade da Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Segundo pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e o Real Club Celta de Vigo SAD ao abeiro do Plan de Patrocinio aos equipos de alta competición deportiva profesional de Galicia para o ano 2019 (20%)”.

A data límite para presentar toda a documentación relativa aos dous prazos de xustificación e pagamento será o 31 de xaneiro de 2020. En caso de non ter presentada a documentación nesta data, perderán o dereito ao cobro das cantidades pendentes.

O presente convenio de patrocinio será financiado con cargo aos orzamentos da Fundación Deporte Galego para o ano 2019, e concretamente con cargo á partida orzamentaria (5. Outros Gastos), dado que no orzamento vixente para o exercicio 2019 dispónse de financiamento suficiente para os presentes convenios con cargo á partida sinalada anteriormente. O importe dos convenios está a ser financiado con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade)

Cuarta.- Vixencia

O prazo de vixencia estenderase entre a data de sinatura do convenio e o 31 de decembro de 2019.

A Entidade deberá acreditar o cumprimento das obrigas asumidas en virtude do convenio, momento a partir do cal quedará resolto de pleno dereito sen necesidade de comunicación previa entre as partes.

Quinta.- Exención de responsabilidade

A Fundación e a Secretaría Xeral da Igualdade quedarán exoneradas de calquera tipo de responsabilidade fronte a terceiros por danos de calquera índole que puideran ser causadas por calquera elemento, activo ou soporte publicitario, que conteña os seus logotipos ou marcas.



Asemade, a Fundación e a Secretaría xeral da Igualdade non serán responsables, principais nin subsidiarios, respecto de obrigas ou sancións de calquera índole que puideran ser impostas á Entidade ou ao Equipo, comprometéndose a Entidade a manter indemne á Fundación e á Secretaría Xeral da Igualdade, mediante o pago das mesmas.

Sexta.- Incumprimentos, penalizacións, modificación e rescisión do convenio

Estarase ao disposto no Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición profesional de Galicia 2019.

A Fundación e a Entidade poderán crear unha comisión de seguimento do convenio co fin de realizar a coordinación e o seguimento das actividades conxuntas programadas, así como co fin de velar polo cumprimento do presente convenio. Esta comisión estará formada por un representante da Fundación e outro do Equipo, así como por un secretario designado pola Fundación, que actuará nas reunións da comisión con voz mais sen voto.

Sétima.- Transparencia e bo goberno

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a Fundación Deporte Galego publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas patrocinadas e o importe dos patrocinios concedidos. Incluirá, igualmente, as sancións que, como consecuencia de incumprimentos na actividade de patrocinio, puideren imponerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a suministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada lei.

Tamén remitirá para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio ou setembro do ano 2019, en función de cando se formalicen os convenios de patrocinio, unha relación dos que se subscriban referida ao cuadrimestre anterior. Nesta relación sinalarese con claridade o importe dos mesmos, o obxecto do convenio e a persoa ou entidade destinataria.



Así mesmo, a Fundación remitirá copia dos convenios formalizados ao rexistro público de convenios da Xunta de Galicia, segundo o establecido na normativa reguladora deste.

Oitava.- Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio.

Os asinantes do convenio, manifiestan seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Novena.- Réxime Xurídico

O contido e efectos do presente convenio quedarán suxeitos ás normas do Dereito común.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da súa interpretación, modificación, resolución e efectos que non podan ser resoltas no seo da Comisión de seguimento e interpretación, serán sometidas ao coñecemento da Xurisdicción Civil, renunciando as partes a calquera outro foro que puidera corresponderlles.

Dando mostra de conformidade con todo o sinalado neste documento, asinan as partes o mesmo e a un só efecto, no lugar e data sinalados no encabezado.

Pola Fundación Deporte Galego

Pola Entidade

Asdo.: José Ramón Lete Lasa

Asdo.: Manuel Carlos Mouriño Atanes

